INFORME TÉCNICO MUNICIPAL

Procedemento de solicitude de outorgamento da concesión de ocupación de dominio público marítimo-terrestre (DPMT) para a execución do proxecto:

CENTRAL HIDROELÉCTRICA REVERSIBLE DE AUGA MARIÑA EN FONTE DAS MAÑAS (CONC-PO-2026-010)

(no concello de Oia, provincia de Pontevedra)

Agosto 2026

A/A:

Servizo do Litoral do Departamento Territorial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (código de identificación A12X03222)

Proxecto:

Central Hidroeléctrica Reversible de Auga Mariña en Fonte das Mañas (no concello de Oia, provincia de Pontevedra)

Procedemento e Tramite:

Outorgamento da concesión de ocupación de dominio público marítimo terrestre (DPMT). Fase de Información pública

Administración Pública afectada:

Concello de Oia

Documento:

Informe Técnico Municipal (I.T.)

Equipo técnico redactor:

TYSGAL Medioambiente S.L.

PRONUNCIAMENTO DO CONCELLO DE OIA

O **Concello de Oia** mediante o presente escrito e en virtude dos aspectos recollidos neste Informe Técnico, fai constar o **rexeitamento do outorgamento da concesión de dominio público marítimo-terrestre para a execución da Central Hidroeléctrica Reversible de Auga Mariña en Fonte das Mañas (CONC-PO-2026-010)** emprazada no termo municipal do concello de Oia (provincia de Pontevedra) e promovido por Hidroeléctrica Fonte das Mañas S.L.

O Informe Técnico presentado por este Concello, tralo análise do Proxecto Básico, pon de manifesto a incompatibilidade do proxecto cos valores ambientais, paisaxísticos e socioeconómicos presentes na área de afección do proxecto.

En base ao anterior, a corporación municipal do Concello de Oia solicita a retirada definitiva do proxecto da Central Hidroeléctrica Reversible de Auga Mariña en Fonte das Mañas.

En Oia, agosto do 2026.

CONCELLO DE OIA

Enderezo postal: Vista Alegre, s/n. CP 36794 – Oia (Pontevedra)
Teléfono: 986 362 125; Fax: 986 362 268
Enderezo electrónico: info@concellodeoia.es

Asdo.: Dª. Cristina Correa Pombal
Alcaldesa de Oia

PETICIONARIO

O **Concello de Oia** ante a fase de información pública do **outorgamento da concesión de dominio público marítimo-terrestre para a execución da Central Hidroeléctrica Reversible de Auga Mariña en Fonte das Mañas (CONC-PO-2026-010)**, emprazada no termo municipal de Oia (provincia de Pontevedra) e promovido por Hidroeléctrica Fonte das Mañas S.L.; **diríxese ao Servizo do Litoral** do Departamento Territorial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (código de identificación A12X03222), para presentar as **alegacións, observacións e consideracións** oportunas; en virtude do artigo 152.8 do Regulamento xeral de costas, aprobado polo Real decreto 876/2014, do 10 de outubro.

O trámite de información pública do citado proxecto fíxose público mediante a publicación n.º 131 do 15/07/2026 do Diario Oficial de Galicia: *Acordo do 6 de xullo de 2026, do Departamento Territorial de Pontevedra, polo que se somete a información pública a solicitude de outorgamento de concesión de ocupación de dominio público marítimo-terrestre para a execución do proxecto de central hidroeléctrica reversible de auga mariña, en Fonte das Mañas, no concello de Oia (Pontevedra)*.

A Alcaldía do Concello de Oia encarga o Informe Técnico a TYSGAL Medioambiente S.L., co obxectivo de dar cumprimento á solicitude recibida.

EQUIPO TÉCNICO REDACTOR

O presente Informe Técnico foi elaborado polo equipo técnico da empresa TYSGAL Medioambiente S.L. Tendo esta tódolos dereitos reservados sobre este Informe Técnico. Queda prohibida a reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra, total ou parcialmente, sen a autorización previa e por escrito de TYSGAL Medioambiente S.L. ou o Concello de Oia.

Dirección

Víctor Bouzas Blanco
Responsable de TYSGAL Medio Ambiente S.L. con CIF B-70446687
Xeógrafo col. n.º 3.044 do COGE

Equipo técnico

Rebeca Rodiño Jabois
Técnica de medioambiente
Bióloga col. n.º 20962-X do COBGA

Lucía Bibián Núñez
Técnica de medioambiente
Ambientóloga col. n.º 1.181 do COAMBCV

INFORME TÉCNICO MUNICIPAL

SOBRE A SOLICITUDE DE OUTORGAMENTO DA CONCESIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE (DPMT) DA CENTRAL HIDROELÉCTRICA REVERSIBLE DE AUGA MARIÑA EN FONTE DAS MAÑAS (OIA)

ÍNDICE

1. OBXECTO E ALCANCE 6
2. EXPOSICIÓN DE CONSIDERACIÓNS 11
2.1. PROXECTOS DEPENDENTES CON TRAMITACIÓNS POR SEPARADO 11
2.2. AFECCIÓNS SINÉRXICAS SOBRE O TERRITORIO DE OIA 17
2.3. ANTECEDENTES DOUTRAS INSTALACIÓNS PROXECTADAS NO TERRITORIO DE OIA CON DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL (DIA) DESFAVORABLE 19
2.4. AFECCIÓN SOBRE O PATRIMONIO NATURAL 21
2.4.1. AFECCIÓN SOBRE OS CURSOS FLUVIAIS 21
2.4.2. AFECCIÓN SOBRE AS ZONAS HÚMIDAS 23
2.4.3. AFECCIÓN ÁS AUGAS SUBTERRÁNEAS 24
2.4.4. AFECCIÓN POLA DISPERSIÓN DE AUGA SALGADA DESDE A BALSA SUPERIOR 26
2.4.5. AFECCIÓN SOBRE HÁBITATS DE INTERESE COMUNITARIO (HIC) 27
2.4.6. AFECCIÓN Á FAUNA TERRESTRE 29
2.4.7. AFECCIÓN SOBRE OS GARRANOS (CABALOS SALVAXES) 29
2.4.8. AFECCIÓN AOS ECOSISTEMAS MARIÑOS 32
2.5. AFECCIÓN PAISAXÍSTICA 32
2.5.1. AFECCIÓN SOBRE A AEIP CHAN DA VALGA 32
2.5.2. AFECCIÓN SOBRE O MIRADOIRO DE OIA 35
2.5.3. AFECCIÓN PAISAXÍSTICA SOBRE O CAMIÑO DE SANTIAGO, CAMIÑO DO LITORAL E RUTA DOS FAROS 36
2.5.4. AFECCIÓN PAISAXÍSTICA SOBRE OS NÚCLEOS DE POBOACIÓN 37
2.5.5. AFECCIÓN AOS AFLORAMENTOS ROCHOSOS 39
2.6. AFECCIÓN SOBRE A POBOACIÓN 41
2.7. AFECCIÓN SOBRE A SOCIOECONOMÍA 43
2.7.1. AFECCIÓN SOBRE OS MONTES VECIÑAIS 43
2.8. DEFICIENCIAS NA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA 46
2.8.1. FALTA DE INFORMACIÓN SOBRE A SUBESTACIÓN 46
2.8.2. INCOHERECIAS SOBRE O TRAMO 2 DA LAT 46
3. CONCLUSIÓNS 48

1. OBXECTO E ALCANCE

A requirimento da Alcaldía do Concello de Oia emítese o presente Informe Técnico relativo ao procedemento de outorgamento da concesión de dominio público marítimo-terrestre da Central Hidroeléctrica Reversible de Auga Mariña en Fonte das Mañas (Oia) (CONC-PO-2026-010), polo que se somete a información pública.

A unidade tramitadora aporta a seguinte documentación:

- *Proxecto Básico de Central Hidroeléctrica Reversible de Agua Marina Fonte das Mañas (Oia, Pontevedra)* asinado nas datas de xaneiro do 2026 e o 19/05/2026 por Benito Fernández González col. n.º 4.752 do CICCP de Galicia.
  - *Memoria*
  - *Anexos á Memoria:*
    - *Anexo 1 – Documento Ambiental preliminar.*
    - *Anexo 2 – Planeamiento urbanístico vigente.*
    - *Anexo 3 - Cálculos hidráulicos.*
    - *Anexo 4 – Estudio básico dinámica litoral.*
    - *Anexo 5 – Evaluación de los posibles efectos al Cambio Climático.*
    - *Anexo 6 – Estudio de compatibilidad del proyecto con la estrategia marina.*
    - *Anexo 7 - Estudio de resilencia costera.*
    - *Anexo 8 - Viabilidad económica - financiera.*
    - *Anexo 9 - Programa de trabajo.*
    - *Anexo 10 – Estudio básico de seguridad y salud.*
    - *Anexo 11 – Central reversible de agua marina Okinawa.*
  - *Planos*
  - *Pliego de Condiciones*
  - *Presupuesto*

Convén sinalar que o expediente non aporta cartografía de detalle vectorial xeolocalizada e compatible con Sistemas de Información Xeográfica (SIX) das instalacións dos proxectos. En consecuencia, a localización e distribución dos elementos do proxecto incluídos no expediente realizouse a partir do uso de ferramentas de análise espacial baseadas en SIX, concretamente QGIS 4.2.0. Igualmente, este software foi empregado para levar a cabo as demais análises pertinentes.

Unha central hidroeléctrica reversible de auga mariña consiste nun sistema de almacenamento de enerxía que utiliza o mar como depósito inferior e unha balsa

situada a maior altitude como depósito superior. Cando existe excedente de enerxía eléctrica, a auga do mar bombéase ata a balsa, onde queda almacenada en forma de enerxía potencial. Posteriormente, cando aumenta a demanda de electricidade, a auga descende novamente cara ao mar a través de turbinas, xerando enerxía eléctrica.

O expediente consta das seguintes instalación:

- Toma ou captación de auga.
- Central subterránea.
- Circuíto hidráulico ou tubaxe de condución enterrada.
- Balsa de almacenamento. Lámina de auga de 1,53 Ha, capacidade de almacenamento de 1,35 Hm^3 e superficie total incluíndo movementos de terras 23,62 Ha.
- Subestación CHR Fonte de As Mañas 220/30 kV.
- Liña de alta tensión de 220 kV entre a subestación CHR Fonte de As Mañas 220/30 kV - Subestación Atios 220 kV (REE). A liña presenta unha lonxitude de 38.152 m, sendo 6.837 m os de nova construción. Consta de:
  - Tramo 1 (en subterráneo) de simple circuíto subterráneo entre a subestación CHR Fonte de As Mañas 220/30 kV e o apoio N.º1 (paso aéreo-subterrráneo, PAS) do Tramo 2 (en aéreo). Lonxitude de 1.122 m.
  - Tramo 2 (en aéreo), simple circuíto aéreo entre el apoio nº 1 (paso aéreo-subterráneo, PAS) e o apoio nº 18 de la línea aérea de 132 kV Subestación O Rosal (UFD) - Subestación Atios 220 kV (REE) existente. Lonxitude de 5.715 m.
  - Tramo 3 (en aéreo). Tramo compartido coa LAT 132 kV Subestación O Rosal (UFD) - Subestación Atios 220 kV (REE) existente. Lonxitude de 31.216 m.

A execución do proxecto levarase a cabo en 2 anos segundo o cronograma presentado pola promotora.

Na seguintes Figuras 1 e 2 represéntanse os elementos e actuacións do expediente obxecto a partir da información disposta na documentación mencionada. No termo municipal de Oia, como se pode observar na seguinte Figura 2 proxéctase practicamente a totalidade das instalacións do proxecto citado, a excepción do trazado completo da LAT 220 kV Subestación CHR Fonte de As Mañas 220/30 kV - Subestación Atios 220 kV (REE) que transcorre tamén polos municipios de O Rosal, Tomiño, Tui e O Porriño.

O presente documento, mediante a análise da documentación aportada e mencionada anteriormente, e de acordo co ámbito de actuación e as competencias municipais, exporá as consideracións oportunas relativas aos posibles impactos que xeraría o proxecto.

O trámite de información pública do citado proxecto fíxose público mediante a publicación n.º 131 do 15/07/2026 do Diario Oficial de Galicia: *Acordo do 6 de xullo de 2026, do Departamento Territorial de Pontevedra, polo que se somete a información pública a solicitude de outorgamento de concesión de ocupación de dominio público marítimo-terrestre para a execución do proxecto de central hidroeléctrica reversible de auga mariña, en Fonte das Mañas, no concello de Oia (Pontevedra)*.



Figura 1. Localización das instalacións do proxecto. Fonte: TYSGAL.



Figura 2. Localización detallada das instalacións do proxecto no termo municipal de Oia. Fonte: TYSGAL.



Figura 3. Vista 3D das instalacións do proxecto Fonte das Mañas. Fonte: Google Earth (2026).

Por outra banda, convén sinalar que para a elaboración do presente Informe Técnico e co obxectivo de poder avaliar as consecuencias ambientais e territoriais, revisouse a documentación dispoñible doutros proxectos de centrais hidroeléctricas reversibles de auga mariña en proceso de tramitación na Comarca do Baixo Miño. **Trátase da CHR de auga mariña Portocelo e da CHR de auga mariña Punta Centinela**. Nos seguintes apartados detallaranse características e repercusións dos proxectos sobre o territorio de Oia.

Na data de redacción do presente documento, o proxecto de Portocelo atópase en fase de información pública trala solicitude presentada pola promotora da concesión de ocupación de dominio público marítimo-terrestre.

No caso de Punta Centinela a fase de información pública da concesión de ocupación do DPMT realizouse no ano 2022, trasladándose o expediente dende o MITERD á Xunta no ano 2025. A fase inicial e potestativa de avaliación de impacto ambiental ordinaria tramitada vía MITERD (debido a que a potencia é superior aos 50 MW) levouse a cabo coa emisión do Documento de Alcance do Estudo de Impacto Ambiental do proxecto.

2. EXPOSICIÓN DE CONSIDERACIÓNS

2.1. PROXECTOS DEPENDENTES CON TRAMITACIÓNS POR SEPARADO

Con data do 20/07/2026 publicábase no DOG N.º 134 o acordo polo que se sometía a información pública outra concesión para unha CHR de auga mariña en Portocelo no termo municipal de O Rosal e código de concesión (CONC-PO-2026-011). A promotora deste proxecto é Hidroeléctrica de Portocelo, S.L. e conta cunha superficie de ocupación de 4.835,93 m^2 de dominio público marítimo-terrestre con destino a dique, toma e tubaxe de toma/restitución de auga, no concello de O Rosal (Pontevedra).

Tanto o proxecto obxecto, a CHR de auga mariña Fonte das Mañas como a CHR de auga mariña Portocelo, atópanse en fase de información pública de xeito independente, cada unha cun código de expediente de concesión. Non obstante, revisados ámbolos dous Proxectos Básicos, ambas centrais comparten conexión eléctrica de evacuación. De feito, o Proxecto Básico de Portocelo contempla unha LAT de 3.531 m de lonxitude que se conecta á Subestación da CHR Fonte das Mañas.

Por outra banda, no BOE N.º 173 do 20/07/2022 publicábase o Anuncio polo que se sometía a información pública unha concesión para unha CHR de auga mariña en Punta Centinela (Oia). Dende o ano 2025 dito expediente de concesión foi trasladado do MITERD ao Servizo do Litoral da Xunta de Galicia tralo traspaso de competencias do litoral. A captación e a central proxéctanse en Punta Centinela, mentres que a balsa se proxecta no MVMC de Mougás nas proximidades do Alto do Facho, lindando co concello de Baiona.



Figura 4. Localización das CHR Fonte das Mañas e Portocelo. Infraestrutura de evacuación compartida. Fonte: TYSGAL.

Revisada a documentación en información pública das tres CHR de auga mariña citadas (Fonte das Mañas, Portocelo e Punta Centinela) descríbese o estado da tramitación dos proxectos (Táboa 1) e as características (Táboa 2).

Táboa 1. Estado de tramitación das centrais hidroeléctricas reversibles de auga mariña na comarca do Baixo Miño. Fonte: TYSGAL.

Nome	Punta Centinela	Fonte das Mañas	Portocelo
Vía tramitación Concesión	MITERD. O 30/06/2025 traspasouse á Xunta de Galicia	Xunta de Galicia	Xunta de Galicia
Superficie de Ocupación DPMT	2.778,40 m²	4.997,64 m²	4.835,93 m²
Instalacións en DPMT	Tubaxe de restitución: 271,40 m²; obra de toma: 295,00 m²; escollera permeable: 2.212,00 m²..	Tubaxe de restitución, obra de toma e escollera	Tubaxe de toma/restitución: 546,20 m²; obra de toma: 208,00 m²; escollera permeable: 4.081,73 m².
Vía tramitación Autorización Administrativa	MITERD (>50 MW)	Xunta de Galicia (<50 MW)	Xunta de Galicia (<50 MW)
Avaliación de Impacto Ambiental (AIA)	Emitido Documento de Alcance do EsIA trala solicitude da promotora dentro da fase potestativa e inicial de AIA.	Sen datos	Sen datos

Táboa 2. Características dos proxectos das centrais hidroeléctricas reversibles de auga mariña en base aos Proxectos Básicos presentados polas promotoras e dispoñibles trala información pública do procedemento de concesión. Fonte: TYSGAL.

Nome	Punta Centinela	Fonte das Mañas	Portocelo
Potencia de bombeo	261,01 MW	49,17 MW	48,90 MW
Balsa	Lámina de auga de 25,64 ha Capacidade de almacenamento: 5.515 hm^3 Superficie total incluíndo movementos de terras: non indicado	Lámina de auga de 15,3 ha Capacidade de almacenamento: 1,35 hm^3 Superficie total incluíndo movementos de terras: 23,62 ha	Lámina de auga de17,73 ha. Capacidade de almacenamento: 1,523 hm^3 Superficie total incluíndo os movementos de terras: 23,75 ha
Enerxía producida anualmente	425.878 MW.h/ano	116.816 MW.h/ano	117.237 MW.h/ano
Enerxía consumida anualmente	609.252 MW.h/ano	158.800 MW.h/ano	160.322 MW.h/ano

Nome	Punta Centinela	Fonte das Mañas	Portocelo
Inf. evacuación	– Subestación 220/13,8 kV (segundo o Proxecto Básico) e subestación 132 kV (segundo o Documento Inicial) – LAT 220 kV Subestación CHR Punta Centinela – Subestación Atios 220 kV. TM: Oia, Baiona, Gondomar, Mos, O Porriño.	– Subestación 220/30 kV CHR Fonte das Mañas – LAT 220 kV Subestación CHR Fonte de As Mañas 220/30 kV- Subestación Atios 220 kV (REE)	– Centro de seccionamento 30 kV CHR Portocelo – LAT 30 kV CHR Portocelo - Subestación 220/30 kV CHR Fonte das Mañas. TM: Oia, O Rosal. – LAT 220 kV Subestación CHR Fonte de As Mañas 220/30 kV- Subestación Atios 220 kV (REE). **Compartida con CHR Fonte das Mañas.** – Subestación 220/13,8 kV en **Subestación CHR Punta Centinela** – LAT 220 kV Subestación CHR Punta Centinela – Subestación Atios 220 kV. **Compartida con CHR Fonte das Mañas e CHR Punta Centinela.**

Na seguinte Figura 5 incorpórase un dos mapas incluídos no Proxecto Básico da CHR de auga mariña Portocelo onde se mostra parte das infraestruturas de evacuación necesarias para evacuar a enerxía xerada nas tres centrais citadas. Na seguinte Figura 6, creada por este equipo redactor, preséntanse tódalas instalacións implicadas.

Por tanto, estaríanse a tramitar 3 proxectos de xeito independente, tanto as súas concesións por ocupación de dominio público marítimo-terrestre, como as súas autorizacións administrativas e procedementos de avaliación de impacto ambiental, cando as tres CHR comparten infraestruturas comúns: subestacións e liñas eléctricas de alta tensión de evacuación.

No caso da avaliación ambiental, ao tratarse de tres expedientes diferentes avaliaranse de xeito separado sen ter en conta o conxunto global de afeccións. Derivando nunha información pública fragmentada de cara á cidadanía e as administracións públicas. Ademais, para cada un dos proxectos formularase unha DIA (Declaración de Impacto Ambiental) podendo obter resultados diferentes (favorable ou desfavorable), o que repercutirá no outorgamento da Autorización Administrativa de cada unha das centrais.

As CHR Fonte de As Mañas e Portocelo sitúanse a menos de 1 km a unha da outra, comparten infraestruturas de evacuación e xeran unha potencia total superior a 50 MW en conxunto, polo que deberían tramitarse pola Administración Xeral do Estado e non a través da administración autonómica.

En definitiva, na comarca do Baixo Miño estanse a tramitar 3 proxectos de centrais hidroeléctricas reversibles de auga mariña semellantes de xeito independente.



Figura 5. Localización das tres CHR e as súas infraestrutura de evacuación compartidas. Fonte: Proxecto Básico da CHR Portocelo.



Figura 6. Localización das tres CHR e as súas infraestruturas de evacuación compartida. Fonte: TYSGAL.

2.2. AFECCIÓNS SINÉRXICAS SOBRE O TERRITORIO DE OIA

O territorio de Oia presenta unha elevada sensibilidade ambiental e paisaxística pola concorrencia de importantes valores naturais, culturais, etnográficos e panorámicos. Neste ámbito **sitúanse áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) como a AEIP Chan da Valga, ou a AEIP Serra da Groba**, así como itinerarios culturais e recreativos, entre eles o Camiño de Santiago Portugués pola Costa, o Camiño do Litoral ou a Ruta dos Faros.

A incidencia das afeccións pola implantación da CHR Fonte das Mañas non pode analizarse de maneira illada, xa que, como se mencionou no apartado anterior, no mesmo sistema territorial existen **outros proxectos de centrais hidroeléctricas reversibles de auga mariña**. A estes efectos debe engadirse tamén a presenza doutros proxectos enerxéticos actualmente en tramitación no territorio de Oia, concretamente os parques eólicos **Margarita 18, Nao 19, Cote 25 e Galeras 25**, xunto coas súas plataformas, accesos, cimentacións, gabias e infraestruturas de evacuación.

No caso de chegaren a desenvolverse estes proxectos a combinación das infraestruturas xerará unha incidencia territorial superior á simple suma dos impactos de cada proxecto considerado individualmente. A modificación topográfica e a ocupación superficial producidas pola CHR Fonte das Mañas combinaranse coa presenza reiterada das demais CHR de auga mariña e as infraestruturas dos distintos parque eólicos, incrementando a percepción industrial da paisaxe e alterando a súa relación visual coa costa.

Así mesmo, a coincidencia ou sucesión temporal das obras dos distintos proxectos, segundo a promotora cunha duración de 2 anos, poderá prolongar as afeccións derivadas do tránsito de maquinaria pesada, o ruído, as voaduras, o po e a ocupación dos camiños rurais e forestais, aumentando a presión sobre os núcleos próximos, os montes comunais, as AEIP e as actividades recreativas e tradicionais desenvolvidas no concello de Oia.

Esta acumulación tamén reducirá a naturalidade do territorio e incrementará a visibilidade de infraestruturas enerxéticas desde as áreas de especial interese paisaxístico como o Chan da Valga ou a Serra da Groba, os miradoiros, o Camiño de Santiago, o Camiño do Litoral, a Ruta dos Faros (que coinciden co Camiño de Santiago pola costa no Concello de Oia) e demais rutas tradicionais.



Figura 7. Localización das 3 CHR e doutros proxectos en tramitación (parques eólicos). Fonte: TYSGAL.

2.3. ANTECEDENTES DOUTRAS INSTALACIÓNS PROXECTADAS NO TERRITORIO DE OIA CON DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL (DIA) DESFAVORABLE

No ano 2022 sometíase a información pública o Parque Eólico Merendón con código de expediente (exp. IN661A 2011/19-4) proxectado ao sur do termo municipal de Oia e ao norte do termo municipal de O Rosal.

A Declaración de Impacto Ambiental (clave 2022/0140) foi asinada o 19/10/2022 pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático e publicada no Diario Oficial de Galicia n.º 210 do 4/11/2022. A DIA resultaba desfavorable debido fundamentalmente o informe emitido polo Instituto de Estudos do Territorio (IET).

O Instituto de Estudos do Territorio (IET) sinalaba os efectos significativos do proxecto sobre a paisaxe, polo que o órgano ambiental consideraba que a actuación proxectada non era ambientalmente viable. O IET destacaba a visibilidade do parque eólico dende o mar e a afección aos valores naturais, culturais e panorámicos das serras que se estenden dende o Val do Miño ata a desembocadura do mesmo en dirección norte-sur.

O IET resaltaba a afección directa ás AEIP Chan da Valga, Muíños do Folón e do Picón, Corroubelo e Serra da Groba, así como a numerosos núcleos de poboación. Sinalaba que provocará un impacto crítico durante a vida útil da infraestrutura, e que diminuirán drasticamente o valor estético e panorámico das áreas de especial interese paisaxístico citadas así como do ámbito costeiro. Ademais consideraba un impacto paisaxístico irreversible ao falar de décadas de funcionamento do parque eólico, onde xeracións enteiras só poderían percibir a paisaxe coa presenza dominante dos aeroxeradores.

O actual proxecto da CHR de auga mariña Fonte das Mañas localízase na zona de implantación do citado P.E. Merendón, o propio aeroxerador A1 e parte do vial de acceso ao mesmo proxectábase no mesmo punto onde se proxecta a balsa.

A CHR de auga mariña Fonte das Mañas constitúe un proxecto con afeccións paisaxísticas importantes, dado que se alterarán os valores naturais e panorámicos do litoral, así como os valores culturais vencellados, por exemplo ao Mosteiro de Oia, localizado a escasos 2 km ao norte da toma de auga.



Figura 8. Localización do parque eólico Merendón respecto ás CHR de auga mariña de Fonte das Mañas e Portocelo. Fonte: TYSGAL.

2.4. AFECCIÓN SOBRE O PATRIMONIO NATURAL

2.4.1. AFECCIÓN SOBRE OS CURSOS FLUVIAIS

O ámbito de implantación da CHR Fonte das Mañas sitúase nunha ladeira de elevada pendente, atravesada por unha rede de cursos fluviais que descenden cara ao litoral. Na Figura 9 evidénciase a proximidade das infraestruturas proxectadas a diversos cursos de auga e ás súas correspondentes zonas de policía.

A afección máis relevante prodúcese na contorna da balsa superior. O propio Proxecto Básico recoñece que a balsa se localiza próxima á cabeceira do **río do Val da Agüieira/Aguieira** e que o seu noiro exterior sitúase parcialmente dentro da **zona de policía do Regueiro das Barreiriñas**.

A implantación da balsa alterará aproximadamente **236.256,78 m² de terreo** e requirirá importantes escavacións, voaduras, desmontes, terrapléns e a formación de noiros. Estas actuacións modificarán a topografía e as condicións naturais de infiltración e escorrentía, podendo interceptar ou desviar os cursos existentes, concentrar os fluxos superficiais e alterar os aportes que alimentan aos ríos próximos. A impermeabilización da balsa e a execución dos seus sistemas de drenaxe introducirán, ademais, unha modificación permanente da distribución da auga sobre a ladeira.

A tubaxe de carga e o tramo 1 da liña eléctrica discorrerán soterradas desde a balsa ata a central mediante unha gabia que se abrirá ao longo da pendente. As obras para a construción desta infraestrutura xunto cos accesos e as superficies auxiliares poden actuar temporalmente como barreiras ou vías preferentes de drenaxe, alterando a circulación natural das escorrentías, e o ensanche dos camiños para permitir o tránsito de maquinaria pesada, unido á eliminación da cuberta vexetal e á compactación do solo, incrementarán o risco de erosión e de arrastre de sedimentos cara aos cursos fluviais e por conseguinte ao océano.

A Figura 9 mostra tamén que o **tramo aéreo da liña de evacuación atravesa sucesivamente varios cursos de auga e as súas zonas de policía** no sector comprendido entre a balsa e o límite co concello de O Rosal. Aínda que os apoios non se sitúen directamente dentro dos leitos, a execución das cimentacións, a apertura ou acondicionamento dos accesos, as rozas e o tránsito de maquinaria poden afectar á vexetación de ribeira, ás marxes e ás condicións de drenaxe destes cursos.

O propio Documento Ambiental Preliminar identifica como principais impactos o arrastre de terras cara aos cursos de auga, o aumento da escorrentía pola eliminación

da vexetación e a compactación do solo, así como o risco de verteduras accidentais procedentes da maquinaria.

En consecuencia, a ausencia de ocupación física directa dos leitos fluviais non permite descartar afeccións sobre o funcionamento hidrolóxico dos cursos próximos, especialmente tendo en conta a magnitude das obras previstas.



Figura 9. Rede hidrolóxica na contorna do proxecto no Concello de Oia. Fonte: TYSGAL.

2.4.2. AFECCIÓN SOBRE AS ZONAS HÚMIDAS

No documento do Proxecto Básico indícase que o trazado da liña aérea discorrerá sobre un humidal incluído no Inventario de Zonas Húmidas de Galicia denominado A Valga (código 114042), situado aproximadamente a uns 112 m do noiro da balsa, e que debido a ausencia de apoios no interior deste espazo, a actuación non xerará afeccións directas sobre dita zona húmida.

O feito de que a liña aérea discorra por riba dun humidal incluído no Inventario de Zonas Húmidas de Galicia constitúe, por si mesmo, unha circunstancia que require unha avaliación específica das posibles afeccións derivadas da actuación. A ausencia de apoios no interior do humidal unicamente permite descartar os impactos directos asociados á ocupación do terreo, pero non exclúe outros impactos potenciais.

O sobrevoo da infraestrutura pode xerar afeccións indirectas sobre os humidais e os seus valores ambientais. Estes espazos constitúen hábitats de elevado interese ecolóxico que desempeñan unha función esencial como áreas de alimentación, refuxio, descanso e reprodución para numerosas especies de fauna, especialmente aves acuáticas e limícolas. Neste contexto, a presenza dunha liña aérea incrementa o risco de colisión da avifauna, particularmente durante os desprazamentos ou en condicións de baixa visibilidade.

Ademais, a infraestrutura pode actuar como un efecto barreira, alterando os corredores ecolóxicos e as rutas de voo empregadas polas especies asociadas ao humidal, o que pode traducirse nunha diminución da funcionalidade ecolóxica destes espazos e nunha modificación dos patróns de uso do territorio por parte da fauna.

Así mesmo, as actuacións asociadas á execución e construción das infraestruturas previstas no proxecto repercutirán na calidade ambiental das zonas húmidas. O tránsito de maquinaria e vehículos comportará un incremento dos niveis de ruído e vibracións, así como un maior risco de atropelo da fauna. Esta afección cobra especial relevancia ao situarse as zonas húmidas a só **112 m do noiro da balsa do proxecto unha vez executado**, con independencia dos percorridos temporais e das áreas de tránsito empregadas durante as obras.

Por outra banda, as rozas e os desbroces necesarios para a implantación das infraestruturas suporán a eliminación de vexetación e de áreas de refuxio, alimentación e reprodución de numerosas especies, mentres que o acondicionamento ou apertura de viarios poderá favorecer a fragmentación dos hábitats e a perda de conectividade ecolóxica. Ademais, os movementos de terras e o tránsito de maquinaria favorecerán

a xeración de po, o arrastre de sedimentos e a compactación do solo, procesos que poden afectar ao funcionamento hidrolóxico e á calidade ambiental dos humidais.

No seu conxunto, estas actuacións son susceptibles de provocar afeccións tanto directas como indirectas sobre os humidais e sobre a fauna asociada, alterando a dinámica hidrolóxica destes ecosistemas, incrementando a achega de sedimentos e partículas en suspensión, degradando os hábitats e reducindo a funcionalidade ecolóxica e os valores ambientais que motivan a súa protección.



Figura 10. Zonas húmidas nas proximidades do proxecto. Fonte: TYSGAL.

2.4.3. AFECCIÓN ÁS AUGAS SUBTERRÁNEAS

O propio Documento Ambiental Preliminar identifica como principais impactos sobre a hidroxeoloxía a **modificación do nivel freático e a contaminación das augas subterráneas**, sinalando que a execución da balsa requirirá unha escavación duns 25 m de profundidade.

Nas proximidades da balsa superior localízase a captación de auga denominada **Fonte da Pedra**, situada a aproximadamente **100 m da infraestrutura proxectada**. Esta escasa distancia incrementa a relevancia das posibles afeccións hidroxeolóxicas, tanto durante a fase de construción como durante o funcionamento da central.



Figura 11. Captación nas proximidades da implantación da balsa. Fonte: TYSGAL.

A execución da balsa e da tubaxe requirirá importantes escavacións en rocha e o emprego de voaduras controladas. Estas actuacións poden alterar localmente a rede de fracturas e a permeabilidade do macizo rochoso, modificando os fluxos de auga subterránea e os puntos naturais de descarga.

Durante o funcionamento, o principal risco está asociado a unha eventual **filtración de auga salgada desde a balsa**. O proxecto prevé a súa impermeabilización mediante unha membrana de PEAD e a instalación dunha rede inferior de drenaxe, unha galería de inspección e sensores de detección de auga salgada. Porén, estas medidas permiten fundamentalmente detectar e controlar posibles fugas, pero non eliminan por

completo o risco derivado de defectos nas unións, deterioración da membrana, movementos diferenciais do terreo ou danos accidentais ao longo da vida útil da instalación.

Unha eventual incorporación de auga salgada ao sistema subterráneo podería degradar a calidade das augas subterráneas, así como da captación Fonte da Pedra e comprometer o seu aproveitamento. En consecuencia, non pode descartarse unha diminución ou variación do caudal da Fonte da Pedra, así como posibles alteracións na hidroloxía subterránea da zona.

2.4.4. AFECCIÓN POLA DISPERSIÓN DE AUGA SALGADA DESDE A BALSA SUPERIOR

A balsa superior albergará unha extensa lámina artificial de auga mariña onde, en condicións de vento intenso, poderanse producir salpicaduras e a formación de aerosois salinos, susceptibles de seren transportados e depositados sobre a vexetación e os solos da contorna.

O propio Proxecto Básico recoñece esta posibilidade ao identificar como impacto os efectos nocivos que a dispersión de auga salgada desde a balsa podería causar sobre a vexetación próxima. A documentación indica, ademais, que a dispersión depende significativamente da velocidade do vento e da altitude da balsa e que, con ventos de elevada magnitude, o contido de sal atmosférica procedente do depósito pode chegar a superar o de orixe mariña.

A deposición reiterada de sal sobre a vexetación podería provocar danos foliares, perda de vigor e cambios nas comunidades vexetais máis próximas. Do mesmo xeito, a acumulación de sales no solo podería alterar as súas propiedades e, mediante a escorrentía da choiva, trasladarse cara os cursos de auga e ás zonas húmidas próximas. Esta cuestión resulta especialmente relevante pola presenza na contorna de matogueiras e hábitats de interese, así como pola **proximidade da balsa á zona húmida A Valga (código 114042), ao río do Val da Agüieira/Aguieira e o Regueiro das Barreiriñas.**

A dispersión de auga salgada cara á contorna non só poderá provocar a degradación da vexetación, dos solos e dos recursos hídricos, senón que se estes elementos se ven afectados tamén **repercutirá indirectamente nos aproveitamentos forestais e demais usos da comunidade de montes en man común tanto de Oia coma de Loureza.**

2.4.5. AFECCIÓN SOBRE HÁBITATS DE INTERESE COMUNITARIO (HIC)

Segundo a cartografía de hábitats do MITECO, **parte do ámbito de implantación do proxecto coincide co Hábitat de Interese Comunitario (HIC) de código europeo 4030, uceiras secas europeas**, de carácter non prioritario. O propio Documento Ambiental Preliminar recoñece expresamente a afección sobre este hábitat como consecuencia da execución da balsa superior e da tubaxe de presión, indicando ademais a necesidade de realizar, no marco da avaliación ambiental, un estudo de campo detallado que permita cartografar os hábitats realmente presentes e cuantificar a afección.

A información dispoñible permite considerar que a realidade ambiental da zona pode ser máis complexa que a reflectida nesta cartografía. Estudos máis recentes desenvolvidos **no marco do programa RURALtXA! (2023) identifican na zona de implantación unha combinación de matogueiras e piñeirais e sitúan nas súas proximidades formacións correspondentes a turbeiras altas con cobertura de piñeiros**. Esta información presenta unha notable correspondencia coa delimitación das Zonas Húmidas de Galicia, que localiza estes espazos a aproximadamente 112 m do noiro da balsa superior e, ademais, en coincidencia co trazado aéreo do tramo 2 da liña eléctrica de evacuación entre os apoios 3 e 4.

Esta proximidade e coincidencia espacial resultan especialmente relevantes debido á elevada dependencia das turbeiras respecto do seu réxime hídrico. Durante as obras a execución de movementos de terras, desmontes, drenaxes, accesos, cimentacións dos apoios ou outras actuacións asociadas á balsa e á liña eléctrica podería modificar localmente a escorrentía superficial ou os fluxos subterráneos que alimentan estas zonas húmidas.

Do mesmo xeito, poderían producirse afeccións directas sobre a vexetación, compactación do terreo ou alteración das condicións de humidade necesarias para a conservación destas formacións. O Documento Ambiental Preliminar identifica, de feito, a eliminación da cuberta vexetal e os movementos de terra como actuacións susceptibles de provocar efectos negativos sobre a flora, os hábitats e a biodiversidade.

Por todo o anterior, non pode descartarse unha afección sobre formacións de turbeira existentes no contorno do proxecto, e considérase razoable prever unha posible incidencia tanto directa como indirecta sobre estes hábitats, especialmente na contorna da balsa superior e no tramo da liña eléctrica comprendido entre os apoios 3 e 4.



Figura 12. Hábitats de especial interese comunitario nas proximidades do proxecto. Fonte: TYSGAL.



Figura 13. Localización da balsa da CHR de auga mariña Fonte das Mañas sobre a cartografía de coberturas para a Serra da Groba. Fonte: RURALtXA!

2.4.6. AFECCIÓN Á FAUNA TERRESTRE

A implantación da balsa prodúcese nun espazo da serra empregado pola fauna silvestre, o propio Proxecto Básico sinala que nesta contorna é frecuente atopar **cabalos salvaxes ou "garranos"** que viven libremente entre os bosques, brañas e regatos da zona, tal como se comentará no seguinte subapartado, polo que a presenza de animais nas proximidades da futura infraestrutura non constitúe unha posibilidade meramente hipotética.

Durante as obras, o paso de maquinaria, voaduras, movementos de terra e demais accións provocarán molestias á fauna local, provocando o seu desprazamento pola intensa actividade requirida para a implantación do proxecto.

Unha vez en funcionamento, a balsa conformará unha extensa masa artificial de auga mariña, onde a súa presenza pode atraer animais que busquen auga ou que se despracen habitualmente polo ámbito, existindo o risco de **acceso ou caída accidental ao interior da balsa**. Esta afección pode acadar tanto aos cabalos salvaxes coma a outros grandes ou pequenos mamíferos, réptiles, anfibios e aves.

O interior da balsa estará completamente recuberto por unha pantalla impermeable destinada a garantir a súa estanquidade. Esta configuración, unida á pendente dos noiros interiores e ás oscilacións do nivel da auga, pode dificultar que os animais que accedan á balsa poidan abandonala polos seus propios medios, incrementando o risco de esgotamento, lesións ou afogamento. A natureza salina da auga introduce, ademais, un factor adicional de risco en caso de inxestión ou permanencia prolongada no interior.

2.4.7. AFECCIÓN SOBRE OS GARRANOS (CABALOS SALVAXES)

No suroeste do territorio galego, na comarca do Val Miñor e Baixo Miño, habitan grupos de cabalos salvaxes. Segundo o equipo de investigación de Bioloxía Costeira (BIOCOST) da Universidade de Coruña, integrado por Laura Lagos e Jaime Fagúndez entre outros (2014[1]), na Serra da Groba viven entre 850 e 900 cabalos salvaxes, cando hai apenas 40 anos a poboación era de 2.000 ou 2.500.

[1] *Lagos, L. (2014). O sistema tradicional de aproveitamento dos ponis atlánticos salvaxes nos montes da Groba, Morgadáns e Galiñeiro. Retos no século XXI. Revista de Estudos Miñoranos, nº 12-13.*

Tal como se observa no mapa da Figura 14, o proxecto da CHR de auga mariña Fonte das Mañas sitúase dentro do hábitat destes animais, popularmente coñecidos na Groba como "burras" ou "garranos". Así, a 800 m ao sur da balsa e a 1 km do trazado da LAT localízase unha charca denominada Poza dos Corvos que estes animais empregan como abrevadeiro (ver fotografía da Figura 15).



Figura 14. Localización dos garranos ao sur da provincia de Pontevedra. Fonte: Lagos, 2014.

Figura 15. Garranos (cabalos salvaxes) na Poza dos Corvos no límite entre os termos municipais de Oia e O Rosal. Próxima á zona de nacemento do Río do Folón. Fonte: EslA do P.E. Merendón. (2021).

A execución das obras da central hidroeléctrica e a ocupación do territorio no monte onde residen os garranos pode xerarlles molestias, alterando o seu comportamento e modificando as súas dinámicas de movemento.

A importancia da presenza dos garranos na Serra da Groba débese a que estes animais son indispensables para conservar a biodiversidade dos montes, manteñen un control sobre a vexetación, favorecen a supervivencia de especies sensibles que forman hábitats de gran interese e exercen unha función de protección contra os incendios forestais[2].

Convén sinalar que a Groba presenta un clima sub-mediterráneo cunha seca estival importante dando lugar a unha maior prevalencia dos incendios no verán. Polo tanto, a presenza de garranos reduce a biomasa permitindo a redución da propagación dos lumes. Estes animais manteñen a vexetación pirófita, coma os toxos, a unha determinada altura e densidade, sen que exista outra especie capaz de cumprir unha función semellante.

Ademais os garranos son o único remanente salvaxe de *Equus ferus* e claramente unha peculiaridade zoolóxica do noroeste ibérico (Lagos, 2013), sendo tamén un atractivo turístico, tanto a súa presenza no monte como os eventos asociados (Rapa das Bestas no curro da Valga localizado a 1,2 km ao norte da balsa). Os garranos son unha mostra viva das formas tradicionais ancestrais de manexo dos recursos naturais (Lagos, 2013) e posúen un alto valor etnográfico, que impregna a memoria colectiva da poboación local e conforma un elemento estruturante da identidade territorial.

En definitiva, a implantación do proxecto causaría molestias aos garranos reducindo a súa área de campeo que deriva no descontrol da biomasa existente na serra, no posible movemento destes animais cara zonas máis baixas coma os campos de cultivo xerando conflitos coa veciñanza propietaria dos mesmos.

[2] *López-Bao, J. V., Sazatornil, V., Llaneza, L., & Rodríguez, A. (2013). Indirect effects on heathland conservation and wolf persistence of contradictory policies that threaten traditional free-ranging horse husbandry. Conservation Letters, 6(6), 448-455.*

Janeiro-Otero, A., Álvarez, X., & Dormann, C. F. (2024). Application of remote sensing to understand the role of Galician feral horses in the biomass reduction of a shrub-grassland-dominated landscape. BMC Ecology and Evolution, 24(1), 89.

2.4.8. AFECCIÓN AOS ECOSISTEMAS MARIÑOS

A central dispón de dous grupos cun caudal de bombeo de 4,70 m³/s por grupo, é dicir, 9,40 m³/s en conxunto, e o réxime de explotación previsto considera unhas 3.165 horas anuais de bombeo. Polo tanto, durante a explotación existirá unha aspiración recorrente de grandes volumes de auga mariña a través da obra de toma.

O sistema de toma incorpora unha reixa con 50 mm de separación libre entre pletinas. Segundo o propio proxecto, esta reixa pode impedir a entrada de organismos de maior tamaño, pero non evita o paso de organismos pequenos, como ovos, larvas, plancto ou determinados xuvenís, polo que resulta coherente coa propia admisión do promotor de que os alevíns poden verse afectados.

O arrastre ou aspiración continuada de ovos, larvas, alevíns e organismos planctónicos pode afectar aos niveis inferiores da cadea trófica e, potencialmente, aos recursos pesqueiros e ás comunidades ecolóxicas da zona. O Proxecto Básico non cuantifica cantos organismos poderían ser aspirados nin a súa supervivencia tras atravesar o sistema hidráulico e os grupos turbina-bomba.

Tamén existe unha afección directa sobre o fondo mariño durante as obras. O proxecto prevé ocupar aproximadamente 4.997,64 m² de dominio público marítimo-terrestre, dos cales arredor de 4.079 m² corresponden á escollera, ademais da tubaxe e da propia obra de toma. Aínda que se propón executar estas actuacións en seco e sen dragado, isto non elimina a transformación física do substrato nin a afección ás comunidades bentónicas existentes.

2.5. AFECCIÓN PAISAXÍSTICA

2.5.1. AFECCIÓN SOBRE A AEIP CHAN DA VALGA

Os apoios 3, 4, 5 e 6, así como aproximadamente 1.166 m do tramo 2 da liña aérea de alta tensión "LAT 220 kV Subestación CHR Fonte de As Mañas 220/30 kV - Subestación Atios 220 kV (REE)", sitúanse no ámbito da Área de Especial Interese Paisaxístico (AEIP) Chan da Valga.

O Instituto de Estudos do Territorio (IET) expuxo, na DIA relativa ao proxecto do P.E. Merendón, en relación coa zona de implantación do proxecto obxecto do presente informe: *<<[...] a implantación do parque eólico, tendo en conta as dimensións, deseño e cor dos aeroxeradores, ao carón da AEIP Chan da Valga e* ***nun ámbito costeiro de gran valor panorámico e paisaxístico****, suporía introducir uns elementos que contrastarían frontalmente cos elementos conformadores da paisaxe [...]. Con todo, conclúe que o*

proxecto producirá uns impactos críticos sobre a paisaxe que alterarían de forma irreversible os valores das AEIP máis afectadas, sen que tales efectos poidan mitigarse con ningún tipo de medida correctora.>>

Este proxecto eólico contaba con un dos seus aeroxeradores sobre a mesma zona de implantación da balsa. Polo tanto, as consideracións paisaxísticas efectuadas polo IET para este emprazamento constitúen un antecedente para a análise do presente proxecto.

Neste contexto, a implantación da Central Hidroeléctrica Reversible de Fonte das Mañas pode producir unha afección paisaxística relevante sobre a AEIP Chan da Valga e a súa contorna inmediata, principalmente pola construción da balsa superior. Esta infraestrutura sitúase na zona do Barazal, entre o monte de Valga e o monte das Mariñas, e ocupará unha superficie superior ás 23 ha, polo que a súa execución implicará unha transformación notable da morfoloxía e da cuberta actual do terreo.

A formación dunha superficie artificial de grandes dimensións, xunto cos noiros, diques, desmontes, accesos e demais obras asociadas, introducirá elementos alleos á configuración natural actual da serra, chegando a alterar tanto a percepción próxima como as vistas panorámicas da contorna.

A propia promotora, na súa análise de visibilidade, mostra como practicamente en toda a AEIP Chan da Valga se pode visualizar a balsa, sendo esta visibilidade alta. Sinala que: *<<Se evidencia afección visual sobre la AEIP "Chan da Valga", así como por los Itinerarios, Rutas y Senderos oficiales que transcurren sobre esta AEIP. La afección real prevista será menor que la potencial debido a la cobertura arbórea formada por las plantaciones forestales de pino.>>*

Esta afirmación non resulta suficiente para reducir a relevancia do impacto, dado que estas masas constitúen unha cobertura vexetal variable e non permanente, sometida a ciclos de corta, aproveitamento forestal, tratamentos silvícolas ou posibles incendios, polo que non pode garantir de forma estable o apantallamento visual da infraestrutura.

A balsa superior constitúe unha actuación de grandes dimensións de carácter permanente, que implica non só a introdución dunha superficie artificial, senón tamén unha importante transformación da topografía e da cuberta do terreo. En consecuencia, aínda que determinadas masas arbóreas poidan reducir puntualmente a súa percepción desde algúns puntos, non eliminan a afección paisaxística identificada pola propia promotora, especialmente considerando que a visibilidade potencial resulta alta sobre unha parte moi significativa da AEIP.



Figura 16. Visibilidade da balsa. Fonte: Documento Ambiental preliminar, anexo do Proxecto Básico.

A esta transformación debe engadirse a correspondente á infraestrutura eléctrica de evacuación, coa presenza de apoios, condutores e faixas sometidas a xestión da vexetación que transcorren no tramo 2 sobre a AEIP Chan da Valga (apoios 3, 4, 5 e 6, así como aproximadamente 1.166 m de tendido aéreo). Estes elementos poden incrementar a artificialización da paisaxe e introducir novas compoñentes lineais e verticais nun ámbito caracterizado actualmente polo predominio de matogueiras, masas forestais, afloramentos rochosos e espazos abertos de serra.

Por todo o exposto, considérase que **a implantación do proxecto producirá unha afección paisaxística sobre a AEIP Chan da Valga e a súa contorna**. A magnitude e características destas actuacións suporán unha alteración da configuración e percepción actual da paisaxe, introducindo elementos de carácter artificial nun ámbito no que o Instituto de Estudos do Territorio xa recoñeceu unha especial sensibilidade paisaxística.

2.5.2. AFECCIÓN SOBRE O MIRADOIRO DE OIA

Na contorna inmediata da balsa superior localízase un miradoiro, que aínda que non está incluído no Catálogo de Paisaxes de Galicia, é empregado pola veciñanza e sendeiristas. Sitúase nas inmediacións das antenas de telecomunicación existentes, aproximadamente a 175 m ao noroeste da infraestrutura da balsa proxectada. Trátase dun punto elevado e aberto, cunha ampla panorámica sobre a vertente occidental da Serra da Groba e o litoral de Oia.

A utilización deste emprazamento como punto de observación vese reforzada pola existencia de rutas e camiños de sendeirismo que discorren pola contorna, aínda que parte destes itinerarios non se atopan recollidos na cartografía oficial da Xunta, a ausencia dunha catalogación formal como miradoiro ou ruta oficial non implica a inexistencia dun uso recreativo e paisaxístico efectivo do lugar, debendo terse en consideración a presenza de observadores neste ámbito.

A súa proximidade á balsa superior resulta especialmente relevante desde o punto de vista paisaxístico. A unha distancia de apenas 175 m, a implantación dunha infraestrutura destas dimensións, acompañada dos correspondentes noiros, movementos de terras e modificación da cuberta vexetal e da topografía, producirá unha alteración moi perceptible da paisaxe desde este punto de observación. A escasa distancia existente fai que a balsa ocupe previsiblemente unha parte importante do campo visual, polo que a capacidade de integración mediante o apantallamento da vexetación será limitada, especialmente desde as zonas elevadas e abertas do percorrido.

Figura 17. Antenas de telecomunicación do miradoiro. Fonte: Google Maps, 2023.

Figura 18. Panorámica dende o miradoiro das antenas. Fonte: Google Maps, 2022.

Ademais, desde este mesmo punto existe unha ampla visibilidade cara á costa, tal e como se aprecia na Figura 18, identifícase incluso a zona na que se proxecta a escollera asociada á toma de auga de mar. Isto evidencia que a afección visual desde este emprazamento non se limitará exclusivamente á balsa superior, senón que tamén afectará visualmente a outros elementos do proxecto situados a cotas inferiores, incrementando a percepción conxunta da actuación na paisaxe.

En consecuencia, considérase que **o proxecto producirá unha afección paisaxística elevada sobre este punto de observación e sobre os itinerarios de sendeirismo que discorren pola súa contorna, tanto pola proximidade e dimensión da balsa como pola amplitude das panorámicas existentes.**

2.5.3. AFECCIÓN PAISAXÍSTICA SOBRE O CAMIÑO DE SANTIAGO, CAMIÑO DO LITORAL E RUTA DOS FAROS

O Camiño de Santiago Portugués pola Costa constitúe un dos principais elementos do patrimonio cultural presentes no ámbito de actuación. A propia documentación do Proxecto Básico recoñece a súa proximidade ás instalacións, xa que o trazado se sitúa a escasos 27 m da subestación, a 60 m da caverna central, así como a 110 m da escollera e pasando por encima da tubería de carga. Así mesmo, no apartado de infraestruturas e servizos inclúese expresamente o Camiño de Santiago entre as infraestruturas afectadas polo proxecto.

A afección non se limita, ademais, ao cruzamento puntual da tubaxe. O Camiño discorre nun ámbito no que se concentran varias das infraestruturas da central, con instalacións situadas a escasa distancia, polo que durante as obras se producirán movementos de terras, tránsito de maquinaria, apertura e utilización de accesos, ruído e unha alteración temporal das condicións de tránsito e percepción do itinerario. Unha vez executado o proxecto, aínda que o firme do Camiño poida ser reposto tras a

instalación soterrada da tubaxe, permanecerá unha alteración da súa contorna paisaxística derivada da presenza das instalacións asociadas á central.

Polo mesmo trazado do Camiño de Santiago transcorre o **Camiño do Litoral de Galicia**, unha senda que une a costa de Galicia en etapas e que permiten o realizar o percorrido tanto a pé coma en bicicleta, sendo o máis extenso de toda España, con 2.555 km. Sendo a etapa que discorre nas proximidades do proxecto é Etapa 51. Baiona - A Guarda.

A **Ruta dos Faros de Galicia** tamén coincide co percorrido do Camiño de Santiago ao seu paso polo Concello de Oia. Trátase dun itinerario turístico que percorre a costa galega entre Ribadeo e A Guarda, enlazando faros, portos, lonxas, vilas mariñeiras, miradoiros, paseos costeiros e outros recursos ligados á paisaxe e á cultura do mar. Trátase dunha iniciativa de MarGalaica Turismo Mariñeiro, incorporada á oferta de Turismo de Galicia, concibida principalmente como un percorrido por estrada para realizar en coche, motocicleta ou autocaravana cunha extensión aproximada de 1.175 km percorre 44 faros e 76 municipios.

Debe terse en conta, ademais, que a experiencia destes itinerarios non se limita estritamente á conservación física da plataforma, senón que está estreitamente vinculada á calidade paisaxística e ambiental da súa contorna, especialmente nunha zona costeira na que as vistas sobre o litoral constitúen un dos principais valores dos percorridos. Polo tanto, aínda que tras as obras se repoña o firme afectado polo paso soterrado da tubaxe, persistirá unha transformación da contorna inmediata e das vistas.

2.5.4. AFECCIÓN PAISAXÍSTICA SOBRE OS NÚCLEOS DE POBOACIÓN

A CHR Fonte das Mañas proxéctase nun **ámbito costeiro de elevado valor panorámico e paisaxístico**, caracterizado pola estreita relación visual entre o océano Atlántico, a fronte litoral de Oia e as vertentes da Serra da Groba. A propia documentación do proxecto recoñece a calidade desta paisaxe, a relevancia da súa configuración xeomorfolóxica e a existencia de amplas perspectivas desde as cotas elevadas cara á costa e ao territorio interior.

A percepción da paisaxe por parte da poboación prodúcese desde as estradas e camiños de acceso, os espazos públicos, os itinerarios peonís e os desprazamentos cotiáns pola franxa litoral. A introdución dunha escollera, dunha subestación e doutras infraestruturas de carácter industrial modificará a percepción dun sector costeiro que conserva actualmente unha elevada naturalidade e no que as vistas cara ao mar e cara á serra constitúen un dos seus principais valores.

Debe considerarse igualmente a **visibilidade desde o mar**. A implantación da escollera e das obras de toma e restitución transformará fisicamente a liña costeira e poderá ser percibida desde as embarcacións que transiten pola contorna. O feito de que o proxecto indique que este sector non está atravesado por rutas de grandes buques non permite descartar a afección visual desde o medio mariño nin desde os percorridos costeiros, xa que a incidencia paisaxística non depende exclusivamente do tráfico marítimo comercial.

Entre os elementos de maior relevancia cultural e turística destaca o **Mosteiro de Santa María de Oia**, catalogado como un ben de interese cultural (BIC) pola Xunta de Galicia e cuxa significación non se limita ao propio inmoble, senón que abrangue tamén a súa relación histórica e visual coa fronte litoral e coa paisaxe costeira do municipio. A proximidade das infraestruturas da central e a transformación dun sector próximo da costa poden alterar o contexto paisaxístico no que se integra este ben patrimonial, introducindo elementos de carácter industrial nun ámbito estreitamente asociado á identidade e á imaxe turística de Oia.

En consecuencia, aínda que a configuración do relevo poida limitar a visibilidade desde determinados núcleos ou puntos concretos, a implantación do proxecto producirá unha **alteración paisaxística do conxunto da fronte costeira**, perceptible desde espazos frecuentados pola poboación, itinerarios turísticos e culturais e puntos de observación terrestres e marítimos.



Figura 19. Núcleos de poboación e bens de interese cultural próximos ao proxecto. Fonte: TYSGAL.

2.5.5. AFECCIÓN AOS AFLORAMENTOS ROCHOSOS

A propia promotora no documento do Proxecto Básico sinala a afección aos numerosos afloramentos rochosos na zona de implantación da balsa. Non obstante, o alcance da execución da obra afectará tamén aos afloramentos presentes no limiar costeiro.

A área litoral de Oia constitúe un tramo de costa de carácter lineal, no que a sucesión continua de cantís, praias e afloramentos rochosos configura un sistema paisaxístico de elevada singularidade. Trátase dun fronte costeiro aberto ao océano, no que a continuidade visual e a exposición directa ao mar definen o seu carácter paisaxístico. Esta condición fai que calquera intervención sobre os seus elementos físicos teña unha incidencia especialmente notable.

Figura 20. Afloramentos rochosos. Fonte: Documento Ambiental preliminar, anexo do Proxecto Básico.

Na zona da balsa, a eliminación de afloramentos rochosos supón unha alteración substancial. Estes afloramentos non constitúen elementos illados, senón parte esencial da morfoloxía que define a identidade paisaxística do tramo costeiro, polo que a súa desaparición implica unha modificación directa da configuración natural. A transformación prevista introduce unha nova condición artificial nun ámbito no que a xeomorfoloxía rochosa é un dos principais factores de continuidade visual e ecolóxica, xerando unha perda de complexidade paisaxística.

Pola súa parte, na zona da escollera e da toma de auga, a intervención incide directamente no dominio público marítimo-terrestre, mediante a ocupación e modificación do bordo litoral. Neste caso, a afección non se limita á alteración puntual do substrato rochoso, senón que implica a introdución de elementos construtivos de carácter permanente nun espazo sometido á dinámica mariña, con efectos sobre a configuración da liña de costa, sobre os ecosistemas mariños e sobre a percepción visual do fronte marítimo.

Esta transformación entra en conflito cos obxectivos das Directrices da Paisaxe de Galicia, que recoñecen os afloramentos rochosos como elementos de valor paisaxístico e establecen criterios orientados á súa conservación.

2.6. AFECCIÓN SOBRE A POBOACIÓN

As actuacións previstas na fase de execución do proxecto implican un incremento significativo dos niveis de ruído e vibracións de forma continuada durante os dous anos previstos da obra. A realización de perforacións, escavacións, movementos de terras e o funcionamento da maquinaria pesada necesaria para estas actuacións terán como consecuencia o incremento dos niveis acústicos. Este impacto verase incrementado ao incidir nun entorno rural acostumado a baixos ou nulos valores de contaminación acústica.

As voaduras, movementos de terra tránsito continuado dos vehículos vinculados á obra poderán provocar tamén a emisión de po e partículas en suspensión. Estas actuacións poden conlevar unha deterioración temporal da calidade do aire nas inmediacións das obras e ao longo dos itinerarios utilizados para o transporte de materiais, afectando aos núcleos situados máis próximos, como o núcleo As Mariñas, ou o de A Cabrariza situados a 833 m e 1.018 m respectivamente da tubaxe de carga. E especialmente ás vivendas situadas na contorna das vías, como se amosa na Figura 21.

A circulación reiterada de vehículos de gran tonelaxe suporá, ademais, unha presión adicional sobre a rede viaria local. O incremento do tráfico pesado poderá favorecer a deterioración do firme e das vías empregadas para acceder ás obras, así como afectar á fluidez do tráfico.

Tendo en conta a longa duración prevista das obras ademais da súa escala e a intensidade das actuacións proxectadas, considérase que estas afeccións terán un impacto significativo sobre a poboación e a mobilidade e porén, na calidade de vida das persoas afectadas.

Durante a fase de funcionamento persistirán tamén determinadas fontes de afección sobre a poboación, aínda que previsiblemente cunha intensidade e frecuencia inferiores ás correspondentes á fase de obras. O propio Documento Ambiental Preliminar identifica o **aumento das emisións sonoras durante a explotación** e considera como fontes de impacto o funcionamento da balsa, da tubaxe de condución, da central, da captación de auga e da subestación, así como os traballos de mantemento das instalacións.

Os principais focos acústicos previsibles non procederán necesariamente da circulación da auga ao longo de toda a tubaxe soterrada, senón tamén do funcionamento da maquinaria na central. A circulación da auga e as manobras de arranque, parada ou cambio de réxime poden producir tamén vibracións e ruídos de natureza hidráulica,

especialmente nas proximidades da central, da toma e restitución de auga e dos elementos de regulación, podendo causar molestias á veciñanza que habita nas proximidades.



Figura 21. Vivendas nas proximidades do proxecto. Fonte: TYSGAL.

Aínda que parte dos equipamentos se localizarán na caverna subterránea, circunstancia que pode contribuír á atenuación do ruído o Proxecto Básico contempla aproximadamente **2.395 horas anuais de turbinación e 3.165 horas anuais de bombeo**, incluíndo períodos prolongados de funcionamento durante as fins de semana e nas horas de menor demanda eléctrica.

Ademais o Proxecto Básico identifica outros escenarios accidentais durante o funcionamento da obra, entre eles a rotura da balsa superior ou das tubaxes, os deslizamentos, as inundacións e os episodios de explosión ou incendio na subestación. A relevancia destes escenarios debe valorarse tendo en conta as dimensións da infraestrutura, xa que a balsa superior proxectada presenta unha lámina de auga de aproximadamente 15,3 ha e unha capacidade de almacenamento de 1,35 hm³.

2.7. AFECCIÓN SOBRE A SOCIOECONOMÍA

2.7.1. AFECCIÓN SOBRE OS MONTES VECIÑAIS

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia define os Montes Veciñais en Man Común (CMVMC) como montes privados, de natureza xermánica, que pertencen colectivamente, e sen atribución de cotas, ás respectivas comunidades veciñais titulares, estando suxeitas ás limitacións de indivisibilidade, inalienabilidade, imprescritibilidade e inembargabilidade. A xestión destes espazos realízase historicamente polos veciños nas comunidades de montes, que teñen unhas estratexias a medio e longo prazo e que, coa vixilancia da Consellería, trazan plans de sustentabilidade destes territorios.

Segundo os datos da Oficina de Medio Rural da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, a cuarta parte do territorio galego (>700.000 ha) é monte veciñal en man común e está xestionada por 2.800 comunidades de montes. Esta figura de monte veciñal non só ten importancia como sinal de identidade e da cultura galega, senón que ademais é un claro indicador económico e produtivo. Recoñécese a achega do monte veciñal nas súas múltiples vertentes: social, económica e ambiental.

A propia Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia sinala que o monte veciñal debe ser un dos principais motores do emprego local e, neste sentido, as Comunidades de Montes serán as que dirixan a segunda fase do ciclo produtivo, a transformación industrial do amplo número de recursos que ofrece o bosque galego. O obxectivo non é exclusivamente mellorar a explotación forestal e da biomasa, senón que tamén é compatibilizalo cos usos do aproveitamento gandeiro (mediante proxectos silvopastorís), producir cogomelos, castañas ou outro tipo de froitos do bosque e potencial zonas recreativas e roteiros de sendeirismo que afonden no coñecemento da contorna, á parte de programas de educación ambiental.

O documento do Proxecto Básico incorpora un plano específico no que se representa a relación do proxecto cos montes veciñais, evidenciando a ocupación de superficies pertencentes a este tipo de propiedade colectiva.

Segundo a cartografía oficial da Xunta de Galicia de Montes Comunais en Man Común, veranse afectadas as seguintes Comunidades de Montes (CMVMC):

- A **CMVMC de Oia** verase afectada por:
    - Subestación 220/30 kV.

- Tubaxe de carga, tamén denominada tubaxe de condución enterrada ou circuíto hidráulico.
- O tramo 1 da LAT: aproximadamente 983 m de liña subterránea.

- A **CMVMC de Loureza** verase afectada por:
  - Tubaxe de carga, tamén denominada tubaxe de condución enterrada ou circuíto hidráulico.
  - Balsa, tanto o noiro como o almacenamento da auga.
  - O tramo 1 da LAT: liña subterránea 124 m aproximadamente.
  - O tramo 2 da LAT: tendido aéreo entre os apoios 1 ao 15, os 14 apoios iniciais (Nº: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13 e 14). Aproximadamente 3.623 m.
  - O tramo 3 da LAT: tendido aéreo de aproximadamente 1.152 m.



Figura 22. Montes veciñais afectados polo proxecto no concello de Oia. Fonte: TYSGAL.

A ocupación de terreos pertencentes ás comunidades de montes suporá a eliminación de masas arbóreas de piñeiros e outras especies para a implantación da balsa superior, da tubaxe de carga e do resto de infraestruturas asociadas ao proxecto, provocando unha perda da superficie forestal e unha alteración da estrutura e continuidade do monte.

A esta afección engádese a derivada da infraestrutura eléctrica de evacuación. O proxecto prevé conectarse coa liña aérea 132 kV Subestación O Rosal (UFD)-Subestación Atios 220 kV (REE) existente. Esta actuación poderá modificar ou ampliar a faixa de protección actualmente asociada á liña segundo o indicado na *Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galici*a. Limitándose a presenza de determinadas especies arbóreas, polo que poderán ser necesarias podas ou cortas adicionais e quedar condicionados os futuros aproveitamentos forestais das comunidades de montes afectadas.

Estas afeccións inciden directamente sobre un recurso de titularidade comunal cuxa función transcende a mera produción forestal, ao constituír un elemento esencial para a conservación do medio natural, a prevención de incendios, a biodiversidade e o mantemento dos usos tradicionais e socioeconómicos vinculados ao territorio.

Figura 23. Zona de implantación da balsa. Fonte: Google Maps, 2022.

2.8. DEFICIENCIAS NA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA

2.8.1. FALTA DE INFORMACIÓN SOBRE A SUBESTACIÓN

O Proxecto Básico presentado pola promotora non aporta planimetría do alzado nin descrición das dimensións en altura da Subestación.

2.8.2. INCOHERECIAS SOBRE O TRAMO 2 DA LAT

O plano N.º 9 titulado "Conexión a red de transporte, planta general" non aporta información correcta do trazado da LAT. Segundo os datos das coordenadas UTM da LAT o trazado aéreo representado no mapa da alternativa 2 (seleccionada) correspóndese co tramo proxectado, mentres que o plano 9 proxecta un trazado incorrecto.

Figura 24. Localización da LAT segundo o mapa da alternativa seleccionada. En vermello sinálase a zona con discrepancias no trazado. Fonte: Proxecto Básico.



Figura 25. Localización da LAT segundo o Plano 9 presentado pola promotora. En vermello sinálase o trazado incorrecto. Fonte: Proxecto Básico (Plano 9).

3. CONCLUSIÓNS

En vista de todo o exposto, conforme a busca de benestar dos veciños e dos intereses ambientais do territorio do municipio de Oia, conclúese o seguinte sobre a Central Hidroeléctrica Reversible de Auga Mariña en Fonte das Mañas (Oia) (CONC-PO-2026-010):

- Na comarca do Baixo Miño estanse a tramitar de forma independente tres proxectos de centrais hidroeléctricas reversibles de auga mariña —**Fonte das Mañas, Portocelo e Punta Centinela**— que presentan unha clara relación territorial e funcional, ao prever o uso común de infraestruturas de evacuación. **Esta fragmentación dos expedientes pode conducir a avaliacións ambientais separadas que non consideren adecuadamente os efectos acumulativos e** sinérxicos sobre o litoral, a Serra da Groba, a paisaxe, a biodiversidade, a hidroloxía, o patrimonio cultural e a poboación.

- **A posible implantación conxunta da CHR Fonte das Mañas, das demais centrais reversibles e dos parques eólicos en tramitación xeraría importantes efectos acumulativos e sinérxicos sobre Oia**, incrementando a transformación e industrialización da paisaxe, a afección ás AEIP Chan da Valga e Serra da Groba e a visibilidade desde itinerarios culturais e turísticos, ademais de prolongar as molestias das obras sobre a poboación, os montes comunais e os usos tradicionais.

- **A DIA desfavorable do P.E. Merendón confirma a elevada sensibilidade paisaxística deste ámbito, no que o IET identificou impactos críticos e irreversibles sobre as AEIP, os núcleos de poboación e os valores naturais, culturais e panorámicos da costa**. A CHR Fonte das Mañas proxéctase no mesmo emprazamento, ocupando a balsa a zona prevista para o aeroxerador A1, polo que reproducirá unha transformación paisaxística significativa nun territorio xa considerado ambientalmente non viable para infraestruturas enerxéticas de grande escala.

Debido ao emprazamento da CHR nun lugar de **alto valor natural** identificáronse unha serie de a impactos sobre o patrimonio natural. As principais afeccións quedan resumidas nos seguintes puntos:

- O proxecto poderá alterar o funcionamento hidrolóxico dos cursos próximos, especialmente na contorna do **río do Val da Agüieira/Aguieira e do Regueiro das Barreiriñas**, debido á modificación da topografía, das condicións de

infiltración e escorrentía e da drenaxe natural da ladeira. As escavacións, noiros, gabias, accesos e apoios da liña incrementarán, ademais, o risco de erosión, arrastre de sedimentos e verteduras, polo que a ausencia de ocupación directa dos leitos non permite descartar unha afección significativa sobre a rede fluvial e o litoral.

- **Non poden descartarse afeccións sobre as augas subterráneas e a captación Fonte da Pedra, situada a aproximadamente 100 m da balsa superior**, tanto polas escavacións e voaduras durante as obras coma por algunha eventual filtración de auga salgada durante o funcionamento da central.

- Existirán afeccións sobre a **zona húmida da Valga** (inventariado co **código 114042**), tanto pola proximidade da balsa superior como polo sobrevoo da liña eléctrica, coa posible **alteración da súa funcionalidade ecolóxica, do réxime hídrico e da fauna asociada.**

- **A dispersión de salpicaduras e aerosois salinos desde a balsa superior poderá degradar a vexetación, os solos e os recursos hídricos próximos**, incluídas a zona húmida A Valga e os cursos fluviais da contorna, repercutindo tamén nos aproveitamentos forestais e demais usos dos montes veciñais de Oia e Loureza.

- **Os hábitats de interese comunitario (HIC)** poden verse afectadas, concretamente as formacións de uceiras e as ás turbeiras próximas a balsa e a infraestrutura eléctrica na súa fase de execución.

- **A balsa superior poderá converterse nun punto de risco para a fauna,** especialmente para os cabalos salvaxes e outros animais que accedan accidentalmente ao seu interior, xa que a impermeabilización, a pendente dos noiros e as oscilacións do nivel da auga dificultarán a súa saída e incrementarán o risco de lesións, esgotamento ou afogamento.

- O proxecto sitúase na zona de campeo dos **garranos**. Prevense molestias que poden alterar o comportamento dos cabalos salvaxes, desprazamentos, etc., que a súa vez inflúen no papel estratéxico e ecolóxica destes animais como medida de propagación dos lumes na Serra da Groba.

- O funcionamento da CHR Fonte das Mañas implicará a **aspiración recorrente de grandes volumes de auga mariña**, podendo arrastrar organismos de pequeno tamaño sen que o proxecto cuantifique esta afección nin a súa supervivencia no sistema hidráulico. A isto engádese a transformación directa de preto de

5.000 m² de dominio público marítimo-terrestre, coa alteración do substrato e das comunidades bentónicas asociadas.

A CHR Fonte das Mañas proxéctase, ademais, nun ámbito de **elevado valor e especial sensibilidade paisaxística**, polo que a súa implantación xerará distintas afeccións que se resumen a continuación:

- A implantación da balsa superior e do tramo 2 da liña eléctrica producirá unha afección paisaxística significativa sobre a **AEIP Chan da Valga**, ao introducir elementos artificiais permanentes nun ámbito de alta sensibilidade e visibilidade.
- A implantación da balsa superior a só **175 m dun punto de observación empregado pola veciñanza e por sendeiristas**, desde o que tamén resulta visible todo o litoral de Oia, incluíndo a zona prevista para a escollera, provocará unha **afección paisaxística elevada** sobre as panorámicas do litoral de Oia e sobre os itinerarios recreativos da súa contorna.
- O proxecto afectará aos valores dos sendeiros próximos. Prevese un grave impacto visual e paisaxísticos sobre o **Camiño de Santiago (Camiño Portugués pola Costa), o Camiño do Litoral, a Ruta dos Faros de Galicia, os roteiros no Monte da Valga, etc**.
- Existirá unha **alteración irreversible dos afloramentos rochosos e da morfoloxía costeira**, tanto na zona da balsa superior como no bordo litoral ocupado pola escollera e a toma de auga.

Ademais das afeccións sobre os valores naturais e paisaxísticos, a implantación do proxecto tamén terá **repercusións sobre a poboación e sobre a realidade socioeconómica da zona**:

- **A implantación do proxecto provocará unha alteración paisaxística significativa da fronte costeira de Oia**, perceptible desde espazos frecuentados pola poboación, afectando tamén ao contexto paisaxístico do **Mosteiro de Santa María de Oia e á relación visual entre a costa e a Serra da Groba**.
- As instalacións do proxecto sitúanse sobre os montes veciñais das **Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC) de Oia e Loureza**. Repercutirá negativamente sobre os aproveitamentos dos mesmos, xerando novos deberes e restricións aos comuneiros.

Advírtense, así mesmo, diversas **deficiencias e incoherencias na documentación presentada no Proxecto Básico**, entre as que destacan as seguintes:

- Ausencia de descrición completa da subestación. Non se aporta planimetría do alzado nin descrición das dimensións en altura da mesma.
- Incoherencia sobre o trazado do tramo 2 da LAT proxectada. A planimetría difire dos mapas que acompañan o texto.

Firmado por ***0895** CRISTINA CORREA (R: ****3600*) el día 12/08/2026 con un certificado emitido por AC Representación